



## ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS TRACTORISTA, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020

Sendo as 13:30 horas do día 5 de outubro de 2021, en sesión telemática celebrada mediante audioconferencia consonte coa previsión contida na Base 5ª, apartado 6, das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (publicadas no BOP núm. 43 do 05.03.2021), xúntanse os integrantes do Tribunal cualificador constituído en sesión do 20 de setembro de 2021, baixo a Presidencia de Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo), os vogais, María Dolores Pita da Veiga (funcionaria de carreira da Deputación Provincial da Coruña); Antonio Fernández Fernández (persoal laboral fixo da Xunta de Galicia); Juan Carlos Gómez Pérez (funcionario arquitecto técnico municipal do Concello de Bergondo), actuando como secretaria, Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo).

A xuntanza ten por obxecto estudar as alegacións presentadas e que a continuación se relacionan, con indicación de nome e apelidos, número de rexistro e número de pregunta contra a que se reclama:

Apelidos e nome	Núm rexistro	Pregunta
Balbís Babío, Miguel	202100000001914	7, 18, 20, 22, 39

Existe quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe.

Polo Tribunal revísanse as preguntas indicadas polos aspirantes nas súas reclamacións, co seguinte resultado:

### 1º. Procede anular a pregunta número 7:

**“7. Los acuerdos en los Plenos de las Corporaciones locales se adoptan como regla general por:**

- Mayoría simple de los miembros presentes en la sesión de la Corporación
- Mayoría absoluta del número legal de miembros de la Corporación
- Mayoría simple del número legal de miembros de la Corporación
- Mayoría de dos tercios del número legal de miembros de la Corporación”

Como ben alega o interesado no seu escrito, os temas relacionados coas entidades locais, son o 2 e o 3 do temario, cos seguintes enunciados: **“Tema 2.–Entidades locais, clases: provincia e municipio e Tema 3.–O municipio: Competencias.”**; e ningún deles refírese ao réxime de funcionamento das entidades locais, que é ao que pertence a pregunta núm. 7

O tema 2 recolle as clases de entidades locais, referido ao Título I (art. 1 a 10) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das abses do réxime local, e aos enunciados do Título II e Título III.; o tema 3, recolle unicamente as

competencias do municipio (artigos 21 e 22, capítulo III do Título II); a pregunta incluída está recollida no Título V da Lei 7/1985, de 2 de abril, polo que non está incluída no temario.

Polo tanto substitúese pola número 1 de reserva:

**“R.1. ¿Cuál de estas opciones a la hora de realizar un desbroce selectivo en una zona protegida NO es verdadera?”**

- a) Contribuye a la recuperación de especies
- b) Favorece la proliferación de especies invasoras
- c) Facilita el equilibrio ecológico de la zona desbrozada
- d) Favorece el desarrollo de especies vegetales para el alimento de la fauna”

Correspondendo a resposta correcta á letra b)

## **2º. Procede anular a pregunta número 18:**

**“18. Dentro de las obligaciones y/o derechos de los trabajadores ¿en qué situación deberán usar obligatoriamente EPI para protección auditiva según el nivel sonoro expresado en decibelios con ponderación dB (A)?**

- a) A partir de 50 dB(A)
- b) A partir de 70 dB (A)
- c) A partir de 85 dB(A)
- d) A partir de 100 db(A)”

O artigo 4 punto “2” do RD 286/2006 di: “sobre la base de la evaluación del riesgo mencionada en el artículo 6, cuando se sobrepasen los valores superiores de exposición que dan lugar a una acción, el empresario establecerá y ejecutará un programa de medidas técnicas y/o de organización que deberán integrarse en la planificación de la actividad preventiva de la empresa, destinado a reducir la exposición al ruido, teniendo en cuenta en particular las medidas mencionadas en el apartado 1”.

No artigo 5 punto 1 e apartado “b” dí: “A los efectos de este Real Decreto los valores límites de exposición que dan lugar a una acción, referidos a los niveles de exposición diaria y a los niveles de pico, se fijan según refleja el apartado ”b” en 85 dB (A) y 137 dB (C)

Segundo artigo 7 sobre protección individual apartado “1”

*“De conformidad con lo dispuesto en el artículo 17.2 de la Ley 31/1995 y en el Real Decreto 773/1997, de 30 de mayo, sobre disposiciones mínimas de seguridad y salud relativas a la utilización por los trabajadores de equipos de protección individual, de no haber otros medios de prevenir los riesgos derivados de la exposición al ruido, se pondrán a disposición de los trabajadores, para que los usen, protectores auditivos individuales apropiados y correctamente ajustados con arreglo a las siguientes condiciones:*

- a) cuando el nivel de ruido supere los valores inferiores de exposición que dan lugar a una acción, el empresario pondrá a disposición de los trabajadores protectores auditivos individuales



*b) mientras se ejecuta el programa de medidas a que se refiere el artículo 4.2 y en tanto el nivel de ruido sea igual o supere los valores superiores de exposición que dan lugar a una acción, se utilizarán protectores auditivos individuales*

Neste último artigo indícase que poñeranse os medios a disposición dos traballadores pero **non** fala de obligatoriedade.

Á vista do indicado anteriormente, nun principio sinálase como correcta a opción “C”. Non obstante, debido á omisión da palabra “**mínimo**” en relación co nivel sonoro na redacción da pregunta, podería considerarse correcta tamén a opción “D”, polo que esta pregunta debe ser substituída por unha das de reserva.

Polo tanto substitúese pola número 2 de reserva:

## **“R.2 ¿Cuál es la función de la batería de un tractor?”**

- a) Almacenar la energía eléctrica en forma de energía química, convirtiéndola nuevamente en energía eléctrica, utilizable cuando se precise.
- b) Es un generador de corriente alterna, que va accionado por la polea del cigüeñal mediante una correa que también acciona la polea del ventilador.
- c) La batería se emplea en tractores que carecen de motor de arranque.
- d) Las respuestas a) y b) son correctas

Correspondendo a resposta correcta á letra a)

## **3º. En relación á pregunta 20, afirma o alegante, logo de cuestionar a súa pertenza ou non ao temario, que a pregunta non aporta datos suficientes para a súa resposta.**

Considera o Tribunal que o redemento aproximado ao realizar labores de desbroce manual, está plenamente incluído no tema Tema 17.–Desbroce e limpeza de fincas: Métodos manuais e mecánicos.

A resposta correcta, neste caso a letra *b) 1.400-1.500 metros cadrados por día*, corresponde a datos básicos e obxectivos. Por esta razón e debido á desproporcionalidade das alternativas de resposta non se facilitan datos concretos, polo que a alegación formulada, desestímase.

## **4º En relación á pregunta 22, a alegante, logo de cuestionar a súa pertenza ou non ao temario, que a pregunta non aporta datos suficientes para a súa resposta.**

Considera o Tribunal que o redemento aproximado ao realizar labores de desbroce en zonas amplas, empregando tractores de potencia axeitada, está plenamente incluído no tema Tema 17.–Desbroce e limpeza de fincas: Métodos manuais e mecánicos.

A resposta correcta, neste caso a letra c) *20.000 metros cadrados por día*, corresponde a datos básicos e obxectivos. Por esta razón e debido á desproporcionalidade das alternativas de resposta non se facilitan datos concretos, polo que a alegación formulada, desestímase.

**5º. En relación á pregunta 39, indica o reclamante, que tal e como está redactada a resposta dada por válida, a letra a) podería entenderse que non é correcta, sendo pola contra a resposta c) a correcta entendendoa referida á buxía de calentamento para diesel.**

A pregunta é a seguinte:

**“39. ¿Cuál de las siguientes afirmaciones es la verdadera?”**

- a) *En la culata de los motores diésel de un tractor están roscadas las bujías*
- b) *La junta de la culata tiene como misión conseguir la estanqueidad entre la culata y el cárter*
- c) *La biela es la pieza que une el pistón, por medio del bulón al codo del cigüeñal*
- d) *Todas son correctas”*

A resposta dada por correcta é a letra “C”.

Sobre a posibilidade de que a resposta correcta fose a letra A, como indica o reclamante, a bibliografía non utiliza a palabra *bujias* para referirse aos "*calentadores*" ou "*resistencias calentadoras*", a resposta fai referencia ás *bujias* convencionais montadas nos motores de gasolina. As respostas non pretenden entrar en detalles técnicos que non son obxecto deste exercicio, se nos quixeramos referir aos "*calentadores*" o faríamos co seu nome máis común (calentadores ou resistencias calentadoras) sen introducir a palabra *bujia* no contexto de motor diésel en tractores. A resposta é por tanto incorrecta.

En relación á resposta que se da por correcta, a letra “C”, o exercicio non pretende entrar en profundidade de coñecementos técnicos sobre mecánica de tractores; en concreto coas pezas que compoñen a cabeza, o corpo e o pé de biela. Pretende describir, de maneira sinxela, á biela como peza que une ao pistón co cigüeñal, nomeando de maneira escueta ao bulón, como peza principal de unión entre o pistón e a cabeza de biela, e ao codo do cigüeñal como lugar onde a biela únese con éste. A resposta é correcta.

Polo que, a alegación e petición formulada, debe de desestimarse íntegramente.

Á vista do exposto, o Tribunal, por unanimidade, **ACORDA:**

**Primeiro.** Anular a pregunta 7 do exame polos motivos expostos, e substituíla pola primeira de reserva.

**Segundo.** Anular a pregunta 18 do exame polos motivos expostos, e substituíla pola segunda de reserva.

**Terceiro.** Desestimar as alegacións formuladas ás preguntas 20, 22 e 39 polas razóns indicadas no corpo desta acta.

**Cuarto.** Na súa consecuencia, emendar a corrección do primeiro exercicio tipo test, segundo o acordado nos puntos primeiro e segundo anteriores, quedando como segue:



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

CÓDIGO	NOTA
1	6,65
2	4,00
4	5,20
9	3,05
10	5,50
11	4,75
12	4,60
13	5,15

**Quinto. MODIFICAR a convocatoria dos aspirantes aprobados para a celebración do segundo exame da oposición, que se fixa para o xoves 21 de outubro de 2021, na Casa do Concello de Bergondo, consonte coa base 7ª.2 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (publicadas no BOP núm. 43 do 05.03.2021), **pola seguinte orde:****

- **A BALBÍS BABÍO, MIGUEL, ás 10:15 horas**
- **A GARCÍA ALVARELLOS, CARLOS., ás 11:15 horas**
- **A GAYOSO PONTE, PABLO, ás 12:15 horas.**
- **A PERMUY RÍO, DAVID, ás 13:15 horas.**

**Recoméndase** que acudan á celebración da proba práctica con **vestimenta e calzado axeitados** para a realización das probas indicadas polo Tribunal no día de onte, así como, de ser posible, **incluíndo guantes de traballo.**

Recordar que se manteñen, para a realización do segundo exercicio da oposición as medidas de prevención do COVID-19 sinaladas na Resolución da alcaldía núm. 915/2021, do 3 de agosto, publicadas no BOP núm. 102 do 02.06.2021.

**Sexto.** Publicar o acordado no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica (Base 7ª.1 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (publicadas no BOP núm. 148 do 06.08.2021).

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) por tódolos integrantes do Tribunal e considerándose como lugar de sinaturas aos efectos oportunos o Concello de Bergondo. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os/as Vogais

A secretaria

